



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

PROVIDENCIA DA ALCALDÍA

Con data novembro de 2017 redactouse o proxecto denominado "Pista dende Igrexa a Estrada Ponte Carreira (DP-3802) (Pereira) e outros" por D. Julio C. Rojo Martínez, enxeñeiro de Camiños (colexiado nº 3871).

O dito proxecto incluíuse no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servicios de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) (BOP nº 188, de fecha 03/10/2017).

Mediante Circular da Deputación Provincial de data 21/05/2018, comunicouse a aprobación polo Pleno da Deputación, de data 16/05/2018 o POS+ 2018, co financiamento seguinte:

Deputación Provincial de A Coruña	Concello de Ordes	Total
224.045,90	47.049,64	271.095,54

Con estas obras preténdese a mellora do pavimento de diversas pistas e viarios municipais.

Procede iniciar expediente de contratación por procedemento aberto, por ser o procedemento máis axeitado para a consecución da mellor oferta para a execución das obras, con multiplicidade de criterios de adxudicación vinculados ao obxecto do contrato, tramitación ordinaria (artigo 156 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 - LCSP).

Deberase incorporar ao expediente:

- Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- Certificado de existencia de crédito orzamentario.
- Informes do Secretario e do Interventor do Concello.

Ordes, 8 de outubro de 2018

A ALCALDESA EN FUNCIONS
(Decreto delegación competencias 03/10/2018)

Perante min,
O SECRETARIO